

**BASES DE PARTICIPACIÓN  
CONCURSO DE TAPAS ENTROIDO 2018**

**DO 8 AO 14 DE FEBREIRO**

O Club Narón Gastronómico convoca a **VI Edición do Concurso de Tapas Entroido**, un certame organizado para difundir, promover e promocionar o sector hostaleiro de Narón dando visibilidade á gastronomía local e amosando a gran riqueza culinaria do territorio.

**INSCRICIÓN**

O certame desenvolverase do 8 ao 14 de febreiro e nel poderán participar os establecementos de hostalería do ámbito municipal de Narón, adheridos ou non a o Club Narón Gastronómico, mediante rigorosa orde de inscrición desde o 23 ata o 29 de xaneiro, chamando ao teléfono **981 337 700** (Ext.1204) ou escribindo ao correo electrónico [narongastronomico@naron.es](mailto:narongastronomico@naron.es)

**REQUIRIMENTOS**

Haberá dúas modalidades de participación:

- a) **Tapa Creativa:** a que utilice produtos, técnicas de elaboración ou presentación innovadoras.
- b) **Tapa de Entroido:** elaborada con produtos típicos destas datas.

Os establecementos poderán participar nas dúas modalidades (cunha tapa creativa e outra do Entroido) ou só nunha delas, admitindo unha única tapa por cada modalidade. Todas as tapas que se presenten ao concurso terán que ter un nome identificativo.

As tapas poden ser doces ou salgadas e serviranse ao público nas datas que dure o concurso, e respectando o **horario mínimo de 13.00 a 15.00 horas.**

Os locais que o desexen poderán ofrecer a degustación durante máis tempo.

As tapas serán gratúitas.

Os establecementos que participen recibirán o seguinte material promocional, que deberán colocar nun lugar ben visible:

- a) Folletos informativos.
- b) Urna.
- c) Tarxetas para que os clientes poidan emitir o seu voto.
- d) Carteis promocionais.

Se algún usuario presenta unha reclamación por escrito por non estar dispoñible a tapa, o participante será descalificado e retirarse do concurso.

## **PREMIOS**

Establécense 4 premios en total: Dous de votación popular e dous de votación polo xurado.

### ***Votación Popular***

Este galardón decídeo o público que visite os establecementos durante as datas indicadas, puntuando do 1 ao 5 a tapa degustada e depositando o seu voto nunha urna colocada no mostrador.

O sistema do reconto dos votos emitidos polo público farase mediante a suma de todos os puntos obtidos polo establecemento e tapa, (admitíndose só un voto por cada tapa, é dicir, un único voto por cliente e tapa).

No caso de que o establecemento hostaleiro ofrezca máis dunha tapa, poderase votar só unha vez por cada unha delas.

## **AGASALLOS**

### ***Votación Popular:***

*Premio Tapa Creativa (250,00 euros) e diploma acreditativo*

*Premio Tapa do Entroido (250,00 euros) e diploma acreditativo*

### ***Votación polo Xurado:***

*Premio Tapa creativa (400,00 euros) e diploma acreditativo*

*Premio Tapa do Entroido (400,00 euros) e diploma acreditativo*

## **Composición do Xurado**

O xurado será designado pola organización e estará composto por un membro do concello, un crítico gastronómico e un cociñeiro.

O xurado fará a degustación das tapas participantes durante as datas que dure o concurso, valorando de 1 a 5 puntos a presentación, sabor, elaboración e adecuación da creación gastronómica ás festas do Entroido.

Os establecementos poñerán a disposición do xurado de forma gratuíta a consumición que acompañe á tapa que se presenta a concurso.

O nome dos establecementos premiados darase a coñecer a través da web do Concello <http://clubnarongastronomico.naron.gal/>.

## **PÚBLICO PARTICIPANTE**

Sortearanse 5 ceas para dúas persoas entre o público que vote por algún dos establecementos participantes e deixe a papeleta ben cuberta na urna que encontrará en todos os locais inscritos no certame. A organización porase en contacto telefónico coas persoas que resulten premiadas.

O nome dos gañadores das ceas farase público en rolda de prensa cando finalice o concurso, autorizando aos organizadores a revelar a súa identidade.

A participación do concurso suporá a aceptación das presentes bases e será necesario dispoñer de todas as licenzas oportunas.